

M. Romero Triñanes / L. Santos Suárez (2002): “As denominacións dos dedos da man: un estudio motivacional”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 303-327.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

AS DENOMINACIÓNS DOS DEDOS DA MAN: UN ESTUDIO MOTIVACIONAL

Mario Romero Triñanes e Larisa Santos Suárez

Instituto da Lingua Galega. USC

1. INTRODUCCIÓN

Unha ollada ós cuestionarios do *Atlas Lingüístico Galego* revela a gran complexidade á hora de denominar as partes “menores” ou “subpartes” que compoñen as divisións principais do corpo humano. Así por exemplo, fronte á escasa diverxencia de formas empregadas para denominar *as mans* en todo o territorio galego, e mesmo *os dedos*, termo xenérico que designa as cinco subpartes que compoñen cada unha das nosas mans, existen serias dificultades á hora de establecer unha forma xenérica de uso común coa que denominar cada un deses cinco dedos de forma individual. A ampla variedade de formas recollidas en distintos puntos do territorio galego, todas elas tan distintas desde o punto de vista formal, espertou o noso interese por intentar descubrir a procedencia de toda esa variedade que, a fin de contas, se traduce nunha gran riqueza dialectal. E isto levounos a centrar a descrición e a análise destas formas na teoría da motivación.

1.1. A motivación fronte á arbitrariedade do signo

De acordo coas últimas tendencias na investigación lingüística, seguindo autores como Heine (1997) ou Alinei (1974, 1980, 1984, 1994, 1996, 1998), todas as formas léxicas existentes para expresar un significado son motivadas, é dicir, no momento de selección dunha palabra como denominadora dunha realidade o falante é perfectamente consciente dos trazos semánticos que a compoñen. É máis, se escolle esa palabra e non outra é porque lle parece que é ela a que mellor transmite os trazos semánticos que segundo a súa percepción do mundo definen de forma máis axeitada a realidade que quere denominar. Detrás de toda denominación existe, pois, unha motivación determinada, sexa cal sexa.

Para soste esta idea cómpre remontarse á teoría da análise compoñencial, defendida desde xa hai ben anos por autores como Hjelmslev, segundo a cal un concepto está composto por varios compoñentes ou trazos semánticos que podemos clasificar en dous tipos: os trazos primarios son todos aqueles necesarios e ó mesmo tempo suficientes para diferenciar un lexema de todos os demais pertencentes ó seu campo léxico; os trazos secundarios, pola súa banda, son todos os redundantes ou

asociativos, é dicir, aqueles que dan unha información que poderíamos considerar como “adicional” sobre o concepto. De acordo con isto, o proceso de denominación de calquera realidade nova parte da análise ou división do concepto asociado a esa realidade en todos os seus trazos semánticos, e baséase na escolla de un ou varios deses trazos como aqueles motivadores dunha ou outra forma léxica. A teoría da arbitrariedade do signo de F. de Saussure radica precisamente neste feito, i.e. na liberdade ou variabilidade que os falantes dunha lingua ou outra amosan á hora de seleccionar uns trazos semánticos e non outros como motivo para a denominación de cada realidade distinta. Así podemos explicar, por exemplo, o feito de que o galego, como veremos máis adiante, dea primacía ó trazo ‘tamaño pequeno’ á hora de denominar o primeiro dedo da man (de aí denominacións coma *o meniño* ou *o máis pequeniño*), mentres que noutras linguas como o castelán ou o francés se lles dá preferencia, alomenos nalgunha das denominacións posibles deste dedo, a outros trazos como o de ‘uso para limpar a orella’ (de onde sae a denominación *auricular*/*auriculaire*). Tamén podemos explicar o feito de que nunha mesma lingua poidan existir denominacións completamente distintas dunha mesma realidade, cada unha delas produto dunha escolla de trazos semánticos diferentes. Así, a denominación castelá *auricular* non é a única posible para este dedo, senón que os falantes desta lingua recorreron tamén a outras motivacións distintas que deron lugar a denominacións diferentes na mesma lingua. Sen ir máis lonxe, o trazo ‘tamaño pequeno’ foi a motivación escollida para denominacións como *dedo chico* ou *dedo pequeno*, formas de ampla extensión en Andalucía ou nas Illas Canarias. Ou, sen saírmos do galego, o dedo gordo tanto pode recibir esta denominación, *dedo gordo*, motivada polo seu volume, como a denominación *matapiollos*, motivada polo seu uso para matar os piollos, ou a denominación *o da señal*, motivada polo seu uso ó persignarse.

Outra distinción importante á que cómpre facer referencia ó falarmos de motivación é a de “palabras transparentes” fronte a “palabras opacas”. Enténdese polas primeiras aquelas nas que existe unha percepción inmediata da motivación orixinal (p.ex.: *furabolos*), mentres que as segundas implican a necesidade de recorrer á etimoloxía da palabra para atopar a motivación orixinal (p.ex.: *mendo*). Por todo o que levamos visto ata agora, non cabe dúbida de que o proceso de denominación sempre é transparente, xa que no momento en que se asigna un nome a un concepto é evidente que os elementos formantes (os trazos semánticos escollidos, i.e. a motivación) están ben claros na conciencia dos falantes. De non ser así é evidente que non se poderían evocar e utilizar neste proceso de denominación. Outra cousa é que co paso do tempo se chegue a perder a conciencia desa motivación, xa sexa porque a realidade conceptual denominada sufra

calquera cambio (ímposo, por exemplo, polas innovacións tecnolóxicas) sen que se produza un cambio de denominación paralelo, ou porque se traspase unha denominación a outra nova realidade mediante un proceso de cambio semántico, tralo cal a percepción da motivación que estaba detrás da primeira denominación pode chegar a perderse facilmente. Calquera destes acontecementos poden facer que unha palabra perfectamente transparente no momento da súa creación perda esa calidade co paso do tempo e se chegue a converter nun termo totalmente opaco para os falantes de xeracións futuras. Se era evidente que a motivación ten que estar clara no momento en que se produce o proceso de denominación, tamén o é que unha vez estendida esa denominación e asumida como parte do léxico común entre os falantes dunha lingua, a conciencia da súa orixe, dos trazos semánticos escollidos, deixa de ser necesaria. As palabras, para Alinei, non son máis ca “atallos” para expresar conceptos complexos, constituídos por toda unha ampla gama de trazos semánticos, que trala súa denominación se ven reducidos a un único elemento léxico. Unha vez coñecidos eses atallos, o camiño longo perde todo o sentido.

1.2. Dialectoloxía e motivación

De acordo co que viñemos expoñendo ata o momento, toda denominación é motivada e, ó mesmo tempo, a escolla dunha motivación ou outra para denominar unha mesma realidade é arbitraria, podendo variar non só dunha cultura a outra, senón tamén dentro dunha mesma cultura dun grupo de falantes a outro. O estudio da variedade dialectal no campo do léxico debería poder axudarnos, xa que logo, a establecer qué posibilidades de denominación ten unha realidade conceptual dentro dunha comunidade lingüística, é dicir, qué trazos semánticos poden escollerse como motivación para designar esa realidade e, en consecuencia, cómo unha sociedade determinada conceptualiza certas realidades.

Isto pode axudar non só a compararmos as similitudes e diferencias na conceptualización de distintas realidades entre a nosa sociedade e outras que a rodean, senón tamén a comprendermos mellor a evolución histórica, cultural e sociolóxica da comunidade na que vivimos. Ó analizarmos as denominacións dos dedos da man en galego, en concreto as motivacións que as orixinaron, esperamos non só transmitir unha riqueza léxica que está aí e que non debe perderse, senón tamén contribuír, dalgunha maneira, con algunha pequena achega ós estudos antropolóxicos e socioculturais sobre a comunidade galega e as súas xentes.

2. ANÁLISE DAS DENOMINACIÓNS GALEGAS DOS DEDOS DA MAN

Na análise que imos facer a continuación, pretendemos amosar unha panorámica dos trazos semánticos escollidos como motivación para as denominacións dos dedos da man en galego, é dicir, dos “atallos” preferidos polos galegos para expresar os conceptos destes cinco dedos.

Comezaremos, a diferenza da maioría dos dicionarios e obras de referencia, polo dedo máis pequeno da man. A razón pola que escollemos esta orde foi que, ó irmos analizando un dedo tras outro, comprobamos que nun número considerable de casos as denominacións dadas ós cinco dedos formaban un subsistema léxico, un conxunto en certo modo indivisible que encadeaba as denominacións duns dedos a outros, e que comezaba sempre polo máis pequeno para rematar no dedo gordo. De feito, nos cuestionarios do *ALGa* tamén se estableceu esta orde para lles preguntar ós informantes, e xa que este foi fundamentalmente o material no que nos baseamos para este estudio¹, pareceunos lóxico respectar a súa orde.

Por outra parte, a modo de introducción, cómpre advertir que moitas das denominacións coas que nos imos atopar son máis ben parte de recitados infantís², que como veremos fan uso de recursos poéticos como a rima, e que se empregan tipicamente como fórmula mnemotécnica na aprendizaxe das denominacións dos dedos das mans, e mesmo na percepción sensorial e motriz destes dedos, entre os nenos. Así, moitas das denominacións que imos analizar teñen se cadra máis valor cultural ca estrictamente denominativo.

2.1. O maimiño

Podemos definir o dedo maimiño como o “dedo máis pequeno das mans” (*Xerais*, s.v. *maimiño*), de onde deducimos que o trazo fundamental que caracteriza e individualiza este dedo fronte a todos os demais é precisamente o seu tamaño. De feito, en calquera lingua que busquemos, a calquera falante que lle preguntemos, o trazo conceptual ‘pequeno’ ha estar, con toda probabilidade, na definición deste dedo da man³.


1 Para completar as respostas que nos faltaban nalgúns puntos, tamén consultamos teses de doutoramento e de licenciatura depositadas no Instituto da Lingua Galega, realizadas por licenciados en Filoloxía.

2 Poden atoparse exemplos destes recitados en M. Barrio e H. Harguindey (1983), en G. Baamonde Traveso (1977) e en VV.AA (1990). Pola súa parte, A. Machado y Álvarez (1881), F. Bouza Brey (1963) e X. Cobas Brenlla (1995) ofrecen tentativas de aproximación ó significado desta parte do folclore infantil.

3 Por citar dous casos doutras linguas europeas, en inglés a denominación máis típica deste dedo é *little finger* e en francés *petit doigt*. No traballo de M. Petruck (1986) recóllese información sobre as denominacións dos dedos das mans en varias linguas, entre elas estas dúas.

Isto inflúe enormemente na escolla de denominacións para nos referir a este dedo pois, como imos ver, o galego (como a gran maioría das linguas, polo menos occidentais) recorre principalmente a este trazo compoñencial como motivación para dar nome ó dedo máis pequeno da man. Así, o ‘tamaño’ (o ‘tamaño pequeno’ en concreto) convértese no trazo máis salientable ou característico do dedo maimiño e a partir de aí xorden toda unha serie de denominacións que dunha maneira ou outra evocan esa característica de ‘pequeno’.

Unha vez delimitada a motivación escollida para dar nome a este primeiro dedo, vexamos cáles son os recursos empregados para a selección das formas léxicas que o galego adoptou como “nomes” transmisores da devandita motivación:



Mapa 1

1. En primeiro lugar, pódese ver a presenza dun grupo PEQUENO co adxectivo xa sexa en grao positivo, xa en superlativo, e coa posibilidade de

utilización do diminutivo. Así, a zona representada en cor verde no Mapa 1 delimita as partes de Galicia nas que o dedo máis pequeno da man recibe principalmente unha das designacións seguintes: *pequeno*, *o máis pequeno*, *pequeniño*, *piquiníño*, *o máis pequeniño*, *pequenín*, *piquenín*, *piquinín*.

Como se pode comprobar no Mapa 1, esta posibilidade distribúese de maneira fundamental polo nordeste e leste da Coruña e norte e centro de Lugo, penetrando tamén en Asturias e en certas zonas de Ourense e Zamora.

2. A motivación do ‘tamaño’ está presente nun segundo gran bloque representado pola forma xenérica DEDO seguida dun morfema derivativo ou avaliativo. Neste bloque, que como se pode ver pola mancha azul no Mapa 1 ocupa basicamente o sudoeste de Lugo, o leste de Ourense e parte de Zamora, as formas léxicas recollidas son as seguintes: *deda*, *dedella*, *dediña*, *dediño*, *dedica*, *dedín*.

Cómpre destacar desta serie o tipo de sufixo empregado para marcar o diminutivo ou, noutras palabras, expresar o trazo ‘menor tamaño’. Ademais da presenza do diminutivo en *dedín* ou *dediño*, o xénero funciona como identificativo dese trazo ‘tamaño pequeno’: así, merecen especial atención as formas *dedella*, *dedica* e *dediña*, que non se conforman con engadir un sufixo indicador de diminutivo á raíz DEDO, senón que ademais recorren á marca de xénero feminino. Aínda máis salientable a este respecto é a forma *deda*, coa marca de feminino como único indicador dese trazo ‘tamaño pequeno’. Nesta zona o substantivo xenérico *dedo* é masculino, e o feito de se especializar o feminino *deda* no dedo de menor tamaño presenta tres implicacións. Unha primeira é que nos puntos onde se rexistra *deda*, *dediña*, *dedella* ou *dedica*, se hai outra denominación para este dedo presenta tamén xénero feminino. Así na Pobra do Brollón (L.35) rexístrase tanto a forma *deda* como *bolicriña* e en Vilaríño de Conso (O.18) tanto *deda* como *burbullíña*. Mesmo o castelanismo pode adoptar o xénero feminino, como é o caso de Ribas de Sil (L.38) onde xunto á forma *deda* tamén se recolle *a meniñe*, ou de Larouco (O.8) onde, ademais de *dedella*, chama a atención a completa lexicalización da forma feminina que deu lugar á denominación *ameñiquel*. A segunda implicación é que, en Montederramo (O.11) e Chandrexa de Queixa (O.13), puntos limítrofes coa área de cor azul que estamos analizando, a denominación para este dedo tamén presenta os femininos *meniña* e *meiniña*, respectivamente. Finalmente, a terceira implicación revela que no caso de Ribas de Sil (L.38) existe unha oposición explícita entre o feminino *deda* (‘o dedo máis pequeno’) e o masculino *dedo* (‘o dedo máis grande, o matapiollos’).

3. A transparencia diminúe se atendemos ó tipo MENIÑO (representado en cor gris no Mapa 1) que domina practicamente as dúas provincias atlánti-

cas, introducíndose de maneira máis irregular na provincia de Ourense e en puntos limítrofes da provincia de Lugo. Baixo este tipo MENIÑO agrupamos as seguintes formas léxicas: *meniño, meniña, miniño, miñiño, monín, munín, muñín, mandíño, mendo, mingó, maimiño, meimiño, mamiño, memiño, mainiño, mainico, meiniño, meiniña, maumiño, moumiño, meñique, meniñe, miñique, muniñe, meñico, meñica, miñico, ameñique*.

Partimos das catro primeiras (*meniño, meniña, miñiño, miniño*) que, segundo Corominas e Pascual, Machado e Geraldo da Cunha, procederían dunha voz expresiva MENINO. Cómpre reflexionar sobre o feito de que estas catro variantes son as formas escollidas en varios puntos de Galicia para denominar o membro máis pequeno dunha familia. En realidade, segundo datos inéditos do *ALGa*, o uso activo destas formas con este significado queda reducido a unha pequena área na costa da Coruña; sen embargo, o seu coñecemento pasivo esténdese á maior parte do territorio galego. Con isto estase insistindo na elección do trazo ‘tamaño pequeno’, pero se cadra tamén se está iniciando un proceso personificador que recorre a nomes de parentesco e sociedade para denominar os dedos da man e que se estende dunha maneira máis clara polo segundo e terceiro dedo, tal e como veremos máis adiante.

Desta mesma voz MENINO derivarían, segundo Corominas e Pascual, e a través de diversos cruzamentos, as seguintes voces:

a) *Monín, munín* e *muñín*, recollidas en dous puntos de Asturias enquisados (Tapia de Casariego: A.1 e Boal: A.4), como froito dun cruzamento con MONO, co cal se engadiría o significado ‘lindo’;

b) *Mendo* (Entrimo: O.26) e *mandíño* (O Porriño: P.26 e Lobios: O.31) por influencia de *miúdo*;

c) *Mingo* (A Guarda: P.33) por influxo de *minguar*.

Moito menos clara se presenta a orixe etimolóxica das formas *maimiño, meimiño, mamiño, memiño, mainiño, mainico, meiniño, meiniña, maumiño* e *moumiño*. Corominas e Pascual remiten para estas formas tamén a MENINO, sinalando que sería froito de diversas evolucións que non se deteñen a estudar. Sen embargo, outros etimólogos como Zauner (1903) ou E. Rivas Quintas (1997), ven a orixe de todas estas variantes no étimo latino MÍNIMUS + INUS (*MÍNIMINUS), se cadra porque MÍNIMUS era a denominación predominante no latín clásico para este dedo.

Calquera destas dúas hipóteses presenta as súas dificultades á hora de aceptalas como totalmente convincentes. A partir de *menino* non resulta fácil explicar, por exemplo, cómo puideron xurdir as formas con ditongo; ó mesmo tempo, remontándonos a MÍNIMUS non é fácil unificar tal heteroxeneidade formal de ditongos nin de variación de nasais. Estas dificultades para aceptar calquera das dúas hipóteses etimolóxicas con pleno

convencemento fan pensar na necesidade dun estudio histórico moito máis profundo da evolución destas palabras, algo que nós tivemos que desbotar polo momento como parte do propósito do noso traballo.

En todo caso, a simple busca de todas estas formas nos dicionarios galegos amosa que son palabras de uso común en galego. A *casca maimiña*, *mamiña*, *memiña* ou *moumiña* por exemplo, ten, entre outros significados, o de ‘pel fina e delgada que recobre os ovos ou as castañas’; *meimiña* ou *moumiña* é ‘a costela máis pequena’ e *mamiño* é un adxectivo de uso xeneralizado para designar algo ‘brando, mol’. Como se pode ver, todos estes usos deste grupo de palabras indican que seguimos, a modo de progresión lóxica, a movernos no ámbito do trazo ‘pequeno’, pero que xunto a el converxen aínda máis matices, en principio difíciles de acoutar, que se moverían no ámbito do ‘delicado, feble’ (*cf.* costela meimiña) ou do ‘mol, brando’ (a casca maimiña dos ovos ou da castaña).

Por último, dentro deste gran tipo MENINO podemos incluír tamén a forma léxica *meñique* e as súas variantes, que representamos no Mapa 1 en cor morada. A razón principal pola que distinguimos esta forma de todas as anteriores é a sospeita de que poida ser un castelanismo. Segundo Corominas e Pascual, a forma *meñique* semella ser un cruzamento entre algunha das formas castelás derivadas de *menino* coas que se designaba o dedo pequeno xa no século XIII (tal vez *meñín* ou *meñino*) e a forma *margarique*, desviación fonolóxica do francés *margarite*, unha das denominacións deste dedo en francés. De feito, fóra de Galicia, en varias zonas do territorio español existe a forma *margarita* como nome deste primeiro dedo (*cf.* *ALEA* e *ALEIC*). Pola contra, non conseguimos localizar nin unha soa forma en galego que nos poida levar a pensar que aquí tamén se deu ese cruzamento. Aínda máis, o grupo léxico formado por *meñique* e as súas variantes aparece espallado por toda a xeografía galega cunha distribución completamente irregular, sen formar unha zona claramente delimitada como o fan os demais grupos e convivindo, na maioría dos casos, con calquera das outras formas recollidas para denominar este dedo (sexa do grupo *menino*, do grupo *pequeno* ou do grupo *dediño*).

4. Finalmente, cómpre considerar unha serie de formas léxicas diverxentes desde o punto de vista formal e situadas en puntos relativamente afastados uns dos outros, pero que sendo limítrofes con Asturias e León (e entrando mesmo en territorio leonés) semellan presentar unha motivación común. Referímonos a un conxunto de formas que presentan a particularidade de seren adxectivos utilizados para designaren ou ben a ‘castaña pequena’ ou ben aquela ‘que nace sen froito’, que no Mapa 1 aparecen repre-

sentadas en cor amarela e que citamos a continuación: *moñequín, moñecrín, muñiquiño, muñicrín, molecrín, bolicriña, mormeliña, beleco, belleco, cagallo*¹.

Para a denominación da castaña a súa distribución é moito máis ampla e unha voz como *beleco* estende a súa presenza a boa parte da provincia da Coruña. O mesmo pasa con *bolecrín* ou con *monecrín*. Se entendemos esta opción como un recurso metafórico, a zona da nosa xeografía que pode recorrer a el é moito maior e, sen embargo, queda restrinxida precisamente á zona de Galicia con maior presenza de castiñeiros. En principio, parece sensato pensar que un produto de tal presenza e importancia nesta zona fose a opción escollida para denominar o máis pequeno dos dedos, dada a súa semellanza se ó pequeno tamaño ou á debilidade nos referimos. Pero dado o grande influxo e presenza da castaña no folclore e mesmo nos xogos infantís, non se pode descartar de cheo a posibilidade de ter que recorrer a algún transfondo etnográfico e cultural ata o de agora indescifrábel.

Mención á parte merece a designación *mamarutiña*, localizada nesta zona (Montederramo: O.11), e pertencente tamén ó campo semántico da castaña, pero que sen embargo non responde de maneira tan clara a eses trazos de ‘pequeno’ e ‘débil’. *Mamela, mamota, mamarota* son designacións da castaña cocida coa casca e que remiten etimoloxicamente a MAMMA, porque se comen chupándoas, tal e como describen Sarmiento (1973) e J. López Fernández (1969).

Volvendo á idea da motivación como “atallo do significado”, vemos que con máis ou menos matices, e con máis ou menos expresividade, a escolla que determina por completo a motivación deste dedo é a do tamaño, ó igual que sucede na práctica totalidade das linguas románicas, onde aínda así se lle deu cabida a unha motivación polo uso a través de formas como *auricular* (por ser o dedo con que se limpan as orellas) en linguas como o portugués, o francés, o catalán ou o italiano.

2.2. O seu sobriño

O segundo dos dedos é o que presenta maior dificultade á hora de ser denominado. Fisicamente é o segundo dedo máis longo, o que presenta serias dificultades á hora de identificalo baseándonos no tamaño, trazo difícil de definir neste dedo; o seu uso é mínimo, xa que se trata (en certo modo en semellanza ó que o precede e ó que o segue) dun dedo sen forza, torpe, un dedo un tanto atrofiado, ata o punto de que en zonas de Andalucía, por exemplo, é coñecido co nome de “el tonto”. En latín clásico a tendencia era a nomealo como *anularis* (‘o do anel’), escollendo un trazo de uso que en

1 Tanto W. Ebeling e F. Krüger (1952) como E. Rivas Quintas (1997) ofrecen abundosa información etimolóxica sobre estes termos.

Galicia, tal e como se pode ver no Mapa 2, tivo pouca fortuna. Só seis lugares de Galicia recorreron a esta motivación para designar o segundo dedo da man, representada no Mapa 2 en cor azul (a excepción de Santiso: C.36 e Candín: Le.1, onde as formas representadas son *íñice* e *índez* respectivamente). Esta dificultade ou, se cadra, non necesidade de nomealo, atéstase nas enquisas do *ALGa* ó ser a pregunta sobre os dedos que máis puntos sen resposta rexistra, ou a que máis respostas posiblemente erradas presenta (*cf.* os casos de *íñice* e *índez* antes nomeados).

En consonancia con esta dificultade e con estas particularidades sinaladas presenta tamén un comportamento peculiar respecto ó referente ó cal se recorre no proceso da motivación, de maneira que os trazos semánticos son, en boa parte dos casos, relacionais con respecto ó dedo anterior e, en menor medida, ó posterior:


1. Se nos fixamos no Mapa 2 vemos que practicamente na mesma zona onde se emprega a denominación *pequeno* (coas súas variantes) para o dedo maimiño, é dicir, a zona onde o trazo compoñencial ‘tamaño pequeno’ queda reflectido de modo máis directo, óptase por seguir escollendo identificativos relativos ó tamaño (zona verde do Mapa 2). Agora ben, o tamaño do segundo dedo xa non está tan claro como o estaba para o primeiro, senón que atopamos discrepancias no territorio galego á hora de definir este segundo dedo como ‘pequeno’, ‘mediano’ ou ‘máis grande ca’. Así, as formas léxicas nas que se traduciu a motivación de tamaño poderían agruparse en tres grandes series:

‘Tamaño pequeno’: *dedo menor, o menor, maimiño, meimiño.*

‘Tamaño mediano’: *dedo medio, mediano, medianín, medianiño, o máis medianiño.*

‘Tamaño máis grande ca’: *meirandín, o máis grandín, o máis grandíño.*

Analizados os puntos onde se recolleron cada un destes tres grupos e comparadas as denominacións dadas a este segundo dedo da man coas dadas ó primeiro e ó terceiro neses mesmos puntos chegamos á conclusión de que a forma maioritaria para designar este segundo dedo da man (sempre que se recorre ó motivo ‘tamaño’) é *medianiño* ou algunha das súas variantes. Esta opción semella ter bastante sentido xa que, efectivamente, entre os tres primeiros dedos da man existe unha gradación física de tamaño que vai de menor (o dedo maimiño) a maior (o dedo corazón), pasando por un tamaño intermedio representado polo segundo dedo. Así, nos dezasete puntos nos que o segundo dedo da man se designa con algunha das formas pertencentes ó grupo *medianiño* a motivación de tamaño comeza no dedo maimiño e remata no corazón e exemplifica esta gradación á que nos acabamos de referir utilizando as formas *pequeniño* / *meimiño* para o primeiro dedo, *medianiño* para o segundo e *o máis grandíño* / *pai de todos* para o terceiro.



Mapa 2

Dos datos tirados dos cuestionarios do *ALGa* deducimos que, para os casos nos que a denominación do segundo dedo da man está marcada polo trazo 'tamaño grande' (*o máis grandíño* e variantes), as formas *pequeniño / meimiño* seguen sendo as empregadas para designar o primeiro dedo, mentres que para referirse ó terceiro, dado que semella haber dificultades para continuar a gradación de tamaño por medio do adxectivo (máis aló de “o máis grandíño” só quedaría recorrer a formas como “enorme” ou similares, que escapan xa da conceptualización que podemos ter dos dedos da man), haberá que recorrer ben ó superlativo absoluto (*o máis grande de todos, o maiorciño de todos*), ou ben a outra motivación distinta, como pode ser a de parentesco (*pai de todos*) ou a de posición (*mediano, corazón*).

Por último, a escolla do trazo 'tamaño pequeno' para denominar o segundo dedo da man semella ser a máis difícil de explicar, pois é evidente que non se trata en absoluto do “dedo máis pequeno da man”. En realidade,

é case tan grande coma o dedo corazón e, xa que logo, bastante máis grande có maimiño. A escasa presenza das formas *maimiño*, *meimiño*, *dedo menor* e *menor* (só unha aparición de cada forma), unida ó feito de que nos puntos en que estas aparecen xa se recorreu ó trazo ‘tamaño pequeno’ para designar o primeiro dedo da man, fannos pensar que se trata dunha realización moi posiblemente froito do descoñecemento doutra máis axeitada por parte do falante. Con todo, paga a pena parármonos a reflexionar sobre o caso de Pontevedra (P.15), onde a serie *mainico* / *meñique*, *menor* e *maior* para denominar os tres primeiros dedos da man pode máis ben levarnos a pensar que na conciencia dos falantes se perdeu por completo a noción de ‘tamaño pequeno’ detrás das denominacións do dedo maimiño e, en consecuencia, a oposición menor/maior toma máis forza entre o segundo e o terceiro dedo.

2. En sintonía coa idea da existencia dunha gradación entre os tres primeiros dedos da man está a aparición dunha nova dimensión motivacional, na que a escolla da motivación vén marcada pola ‘posición’. Representadas en cor maxenta no Mapa 2, recolleamos as formas seguintes: *segundo*, *segundiño*, *segundo poliño*, *segunda parte da deda grande*, *o que lle sigue*, *el que sigue al belleco*, *serodio*.

Volvemos chamar aquí a atención sobre o feito de que a concepción popular diverxe da da maioría dos dicionarios e mesmo da dos textos especializados de anatomía humana, que empezan o cómputo dos dedos polo gordo no canto de facelo polo maimiño. Polo que a nós nos afecta, merecen especial atención a forma *segunda parte da deda grande*, recollida en Bóveda (L.34), que establece unha relación de posición fronte ó terceiro dedo da man (a *deda grande*), e a forma *el que sigue al belleco*, recollida en Negueira de Muñiz (L.19), que marca unha relación de posición en sentido contrario, é dicir, partindo do dedo maimiño, alí denominado *belleco*.

Outra forma de marcar posición é a representada pola voz *serodio*, adxectivo apropiado para denominar calquera froito tardío, ou tamén algo ‘que vén tarde, que aparece despois do tempo propio; tardío’ (como por exemplo *fillos serodios*). Esta última acepción do adxectivo *serodio* pon esta denominación en relación coa motivación polo ‘parentesco’ que examinamos a continuación.

3. A gran mancha gris do Mapa 2 correspóndese en liñas xerais con aqueloutra na que situabamos a presenza de *maimiño*. As formas léxicas agrupadas aquí están emparentadas desde o punto de vista motivacional por seren nomes de ‘parentesco’: *irmanciño*, *seu irmaño*, *seu irmán*, *padrín*, *sou padrín*, *padriño*, *seu padriño*, *súa madriña*, *sobrín*, *seu sobrín*, *sou subrín*, *sobriñín*, *sobriñiño*, *sobrino*, *sobriño*, *seu sobriño*, *seu subriño*, *súa sobriña*, *túa sobriña*, *veciño*, *seu veciño*, *compañeiro*.

Con posesivo ou sen el, a forma maioritaria é *sobriño*, aínda que tamén aparecen *padriño*, *madríña* (concentrados estes dous no sudoeste de Ourense e Zamora), *irmán*, *compañeiro* e *veciño*.

Ten moito que ver neste contexto motivacional o folclore infantil e os xogos iniciáticos coa conseguinte tendencia á expresividade, nos que a rima é determinante. A existencia dun xenérico “dedo” que abrangue o significado de calquera dos cinco restrinxe, loxicamente, o uso destas denominacións a situacións nas que é precisa a especificación de determinado dedo. E neste sentido un contexto propio para a precisión identificativa é o que conforma toda unha serie de xogos infantís das primeiras etapas, os chamados xogos sensoriais e afectivos, destinados ó desenvolvemento motriz e ó propio coñecemento das partes do corpo e que inclúen o seu respectivo recitado literario rítmico (“*Este é o meimiño, este o seu sobriño, este o pai de todos, este o furabolos e este o matapiollos*”). Con maior ou menor complexidade, a expresividade deriva en personificacións e mesmo en cadros dramáticos nos que os dedos representan un papel dentro dunha especie de representación máis ou menos sinxela. Neste contexto, cuestión especialmente relevante é a da rima como fórmula mnemotécnica e que ten repercusións directas sobre a propia denominación dos dedos, tal e como se aprecia na reiterada utilización do sufixo *-iño* e na maioritaria presenza do termo *sobriño* para a designación do segundo dedo.

Pero a pesar deste proceso metafórico, desta ida ó exterior do referente que se ten que denominar, os trazos escollidos, o “atallo” ó que nos referiamos ó principio deste traballo, segue a ser un dos dous que mencionamos antes, ou ben se trata do tamaño, ou ben da posición. Na liña das relacións que sinalamos antes continuamos cunha gradación de tamaño representada de maneira máis ou menos clara por *seu irmán* ou *seu padriño*, por exemplo. Sen embargo, se estamos a falar de tamaño, no caso de *sobriño* a gradación non parece quedar de todo clara se non se ten en conta o seguinte dedo, o *maior*, o *pai de todos*, ó que nos referiremos despois. Só así se explica a utilización do posesivo que en principio non debería marcar unha relación de posesión do *meimiño*, ou sexa do pequeno da serie, senón do *pai de todos*.

No caso de *veciño* e *compañeiro* a relación de posición parece non presentar problemas e dentro deste emprego metafórico dos parentescos presenta unha frecuencia que é proporcional, é dicir minoritaria, á súa presenza nos usos referenciais que viamos (*o segundo, o que lle segue*, etc.).

O papel de punto de partida representado polo maimiño con respecto a este “seu sobriño” mantense no influxo que aquel exerce sobre este na presenza do xénero feminino. Non temos agora ningún caso no que este dedo sexa denominado co xenérico “dedo” en feminino, sen embargo contamos con algúns casos nos que aparece *sobriña* ou *madríña*, nos que

semella que este segundo dedo se ve empurrado en canto á categoría de xénero polo anterior e contribuíndo como un soporte máis á gradación de tamaño. De calquera xeito, tal e como levamos comentado, o influxo dos recitados infantís semella tan relevante que non sería descartable que máis que unha cuestión relativa ó xénero estivesemos unha vez máis diante dun aspecto que lle afecta propiamente á rima.

4. Como último grupo motivacional destacable para o segundo dedo da man está o do 'uso', representado no Mapa 2 en cor azul. Tanto en latín como na maioría das linguas occidentais a tendencia é a nomear este dedo acudindo precisamente a un trazo indicador do seu uso por excelencia, i.e. a característica máis salientable que presenta e que o diferencia do resto dos dedos da man, o feito de ser o dedo no que se adoita levar o anel de voda¹. O escaso éxito deste trazo no territorio galego só nos permite documentar as formas seguintes: *dedo do anillo*, *anillar*, *anular*, *anunón*.

A excepción de *anular*, recollido en tres puntos do territorio galego (Triacastela: L.30, Vilamartín de Valdeorras: O.4 e Larouco: O.8), as outras tres formas só se rexistran cunha única aparición. Cómpre facer notar que dentro da súa pouca presenza, estas formas teñen unha maior incidencia na zonas de Lugo e Ourense limítrofes con León. Sen poder consideralo un castelanismo pleno (posto que o lexema castelán vai acompañado dun sufixo perfectamente galego), a súa presenza alí parece querer xustificarse por influxo do castelán, lingua na que a través da estandarización xa non é forma tan estraña na lingua popular.


2.3. O pai de todos

1. Chegados ó terceiro dedo, se nos fixamos na distribución das cores do Mapa 3 podemos ver o gran dominio da zona verde, que representa novamente o trazo 'tamaño' do máis longo dos cinco dedos e que se materializa nun amplo abano de formas léxicas: *grande*, *deda grande*, *o máis grande*, *dido más grande*, *o / el máis grandón*, *grandiño*, *o máis grandiño*, *meirandiño*, *o grande de todos*, *o máis grande de (elos) todos*, *o maior*, *o maior de (elos / eles) todos*, *o maor de todos*, *o meor de todos*, *o maiorciño de todos*, *mordetodos*, *amordetodos*, *largo*, *o máis largo de todos*.

De entre todas elas, a forma maioritaria por excelencia é *o maior de todos*, recollida en 54 puntos do territorio galego, seguida das variantes de *grande*. Proba da extensión da primeira forma é a relativamente alta frecuencia da forma *mordetodos* en boa parte de Ourense e Zamora, o que representa a plena lexicalización e soldadura da estrutura anterior. Cómpre destacar o

1 Non volveremos facer referencia ós rexistros de *ñice* e *índex* (C.36 e Le.1 respectivamente), xa abondo comentados máis arriba nesta exposición.

caso de Bóveda (L.34), onde a forma *deda grande* implica que o trazo de máximo tamaño é reforzado co xénero feminino, nun proceso semellante aínda que á inversa ó visto para o trazo ‘mínimo tamaño’.



Mapa 3

En resumo, con respecto a este dedo podemos dicir que, ó igual que viamos en *meimiño*, nos casos en que é posible, o trazo de ‘tamaño’ é hexemónico na denominación.

2. Outra das motivacións que determinan a denominación deste dedo é a de ‘posición’, representada no Mapa 3 en cor maxenta. En efecto, non po-

demos desbotar a importancia da posición central deste dedo con respecto ó conxunto da man, trazo que a maioría das linguas occidentais teñen en conta á hora de denominalo. O galego non adoptou o trazo de ‘posición’ como principal, senón que, en consonancia coas denominacións dos dous dedos anteriores, seguiu primando o tamaño para o dedo medio. Aínda así, como deixa ver o Mapa 3, non desbotou por completo a motivación pola ‘posición’, e recorreu ás seguintes denominacións para expresala: *mediano, o do medio, corazón, o do corazón, dedo do corazón, cordial, cordeal*.

No que respecta a este apartado, parécenos interesante facer certas reflexións sobre a denominación *corazón*. En primeiro lugar, a súa presenza na provincia da Coruña é baixa (C.3, C.9 e C.40) e en Pontevedra nula, concentrándose a súa aparición nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente na parte máis oriental. En segundo lugar, na maior parte dos puntos onde se rexistra aparece acompañando na serie ou ben a *anular* ou ben a *índice*, formas propias do estándar castelán.

Vimos de relacionar a denominación *corazón* co trazo de ‘posición’, ante a posibilidade de concibilo como a parte central dunha cousa, definición que se pode atopar en calquera dicionario. Mais non queremos descartar a posibilidade de que en determinado momento da evolución da lingua houbera unha confusión co dedo anterior no proceso de denominación. O costume de poñer o anel de voda no segundo dedo semella provir da crenza mítica de que ese dedo estaba comunicado co corazón por medio dun vaso sanguíneo. Tal vez esta idea de que algún dos dedos estaba vinculado fisicamente ó corazón se cruzase coa conceptualización do terceiro dedo como aquel que está situado no centro da man, é dicir, no corazón da man. E de aí puideron xurdir as denominacións do tipo *corazón, o do corazón, dedo do corazón* para este terceiro dedo.

3. A pesar de que o campo motivacional do ‘parentesco’ (representado en cor gris no Mapa 3) perde presenza, segue a manter a súa produtividade e, se nos fixamos, comparte coa ‘posición’ a mancha que nos mapas anteriores ocupaban respectivamente *pequeno e medianiño / máis grandíño*. As formas léxicas que se empregan para expresar o trazo de ‘parentesco’ son as seguintes: *pai de (elos / eles) todos, padre de todos, nai de todos, irmau de todos, rei de todos, compañeiro*.

A forma preferida, como cabe esperar para o dedo definido como “o máis longo da man”, é *pai de todos* ou calquera das súas variantes. O recurso de parentesco concéntrase na área en que anteriormente se recorreu á gradación de tamaño cunha linguaxe referencial e non metafórica (*cf.* *máis grandíño*). Semella que coas dificultades para continuar coa gradación de

tamaño¹ colle pulo a necesidade de recorrer á personificación, ó contrario do que acontece no resto do territorio (dominado antes pola denominación *seu sobriño*) e que agora ve nas variantes de *grande* o recurso máis fácil para establecer unha denominación.

4. A cuarta motivación que inflúe na denominación deste dedo é a de ‘uso’, se ben polo momento, na mesma liña cós outros dous dedos comentados ata agora, constitúe un trazo compoñencial de escasa presenza. As únicas tres formas que cabe mencionar neste apartado son: *dedo da puñeta*, *dedo do carallo*, *fai o bolo*.

As dúas primeiras, como se pode observar, constitúen denominacións de marcado carácter vulgar. *Dedo da puñeta* recolleuse en Viveiro (L.1) e *dedo do carallo* no Valadouro (L.5) e cómpre destacar a súa calidade de herdeiras en motivación das do latín clásico DIGITUS IMPUDICUS ou DIGITUS INFAMIS. No tocante a *fai o bolo* (recollida en Pereiro de Aguiar: O.7), merece mencionarse a súa relación co seguinte dedo da man que imos comentar a continuación, xa que se este é “o que fai o bolo de pan”, o seguinte ha ser quen “o coma todo”. Novamente podemos comprobar que existe unha relación digna de mención entre varios dos dedos da man, que se van nomeando uns ós outros e que forman pequenos grupos interrelacionados dentro do conxunto da man. Agora ben, se ata o de agora viamos que esa relación viña marcada polo tamaño e se daba basicamente entre os tres primeiros dedos da man, neste caso salientamos unha relación exclusiva entre os dedos terceiro e cuarto e, ademais, establecida non polo ‘tamaño’, senón polo ‘uso’.

2.4. O furabolos

1. Ó entrarmos no comportamento da denominación do cuarto dedo axiña comprobamos que tanto o ‘tamaño’ como a ‘posición’ quedaron completamente anulados do mapa como trazos semánticos preferidos para a escolla motivacional. O dominio é agora practicamente total para formas centradas no ‘uso’, por ser este xunto co dedo gordo o que intervéñ na práctica totalidade das accións manuais das persoas. Tamén en latín clásico o uso motivaba a denominación de INDEX ou SALUTĀRIS. Así, toda a zona representada en cor azul no Mapa 4 (practicamente a totalidade do territorio gallego) denomina este cuarto dedo da man mediante algunha das formas léxicas detalladas a continuación: *furabolos*, *furabolas*, *furabollos*, *garabolos*, *zarabolos*, *escachabolos*, *índice*, *éndiz*, *lambón*, *cómeo todo*, *matapulgas*, *catapollos*.

1 A este aspecto xa nos referimos anteriormente, cando comentamos a selección dos trazos ‘tamaño pequeno’, ‘tamaño mediano’ ou ‘tamaño grande’ para denominar o segundo dedo da man.

Toda esta variación representa distintos tipos de ‘uso’ característicos deste dedo. As seis primeiras formas constitúen o grupo de maior extensión en toda Galicia, cun claro predominio da primeira delas, *furabolos*, recollida nun total de 137 puntos. A motivación detrás desta denominación semella completamente transparente e clara. Este é o dedo co que, segundo Sarmiento (1975, s.v. *furabolos*), “se tiantan los bollos por ver si están duros o blandos” e que Eladio Rodríguez (1958-1961, s.v. *furabolos*) define como “llamado así por los hoyos o furas que con él se hacen en los bollos antes de enhornarlos, para evitar que el calor separe la miga de la corteza”. O dedo empregado para “furar os bolos” recibe, nun proceso de creación léxica do máis evidente, o nome de *furabolos*, *furabolas* (nos concellos de Taboada: L.31 e Rodeiro: P.8) ou, xa en territorio asturiano, *furabollos*. En canto ás outras tres denominacións incluídas neste grupo, *garabolos*, *zarabolos* e *escachabolos*, a súa presenza é moi minoritaria, ó non se rexistran máis ca nun punto cada unha (Carballo: C.18, Oia: P.31 e Rubiá: O.3, respectivamente). A motivación que se esconde detrás de todas elas semella ser a mesma cá que levou á escolla da forma maioritaria *furabolos*, aínda que para expresar o trazo compoñencial “furar” se recorra a distintos lexemas. Así, a escolla do lexema “gara” en *garabolos* pode explicarse facilmente se atendemos ó que Rodríguez (1958-1961, s.v. *furabolos*) di con respecto á elaboración das bolas de pan, que é que “si la bola es de trigo hacen estos agujeros con un palito”. O devandito “palito” adoita recibir en galego a denominación de *garabullo*, nome que cruzado con *furabolos* pode ben facilmente resultar na forma *garabolos* (non se pode descartar, sen embargo, unha posible interpretación que vexa en *garabolo* unha variante de *garabullo* baseada na alternancia dos sufixos *-olo* / *-ullo*, que se dá en palabras como *cadolo* / *cadullo*). Máis difícil de explicar resulta a procedencia do lexema “zara” en *zarabolos*. Posiblemente proceda tamén dun cruzamento entre algunha forma con “zara-” e a palabra *bolos*, como por exemplo *zarabicar*, que o propio Rodríguez (1958-1961, s.v. *zarabicar*) define como “juguetear en el agua con un palito, como trazando líneas o rasgos en la tierra”. Por último, a forma *escachabolos* combina o lexema *bolos* con *escachar*, verbo de uso ben estendido na lingua galega e que neste caso podería estar empregado nesta denominación por un cruzamento entre a forma propia para denominar o dedo que estamos tratando, o *furabolos*, e unha das típicas denominacións do que trataremos a continuación, o *escachapiollos*. Aínda así, se nos atemos á definición que Sarmiento daba unhas liñas máis arriba para *furabolos*, *escachar* podería estar facendo referencia ó resultado da acción pola que “se tiantan los bollos por ver si están duros o blandos”.

As dúas formas seguintes, *índice* e *éndiz*, están motivadas polo mesmo ‘uso’ que escolleu o latín clásico, tal como comentabamos ó principio: o cuarto dedo da man é o empregado para ‘indicar’ ou ‘sinalar’ as cousas. A


maioría das linguas occidentais recorren tamén a este trazo para denominar este dedo, polo menos na súa forma estándar. O galego, sen embargo, só presenta formas portadoras deste trazo en seis puntos, todos eles, a excepción de Pontedeume (C.9), en zonas de Lugo e Ourense próximas á fronteira asturiana e leonesa (Castro de Rei: L.18, Triacastela: L.30, O Incio: L.33, Vilamartín de Valdeorras: O.4 e Larouco: O.8). Como dato curioso, cabe mencionar aquí o feito de que precisamente nestes últimos catro puntos é onde se recolleron as formas *anular* e *anillar* para o segundo dedo da man.

En canto a *lambón* (recollida en Ortigueira: C.3 e Oourol: L.3) e *cómeo todo* (recollida en Pereiro de Aguiar: O.7), seguen representando unha escolla de formas léxicas vinculada a unha motivación polo ‘uso’, pero desta volta o trazo compoñencial ‘dedo que se mete na comida e co que se leva a proba á boca’ transmítese de xeito metafórico. É moi posible que estas denominacións procedan dalgún dito ou xogo infantil nos que, como xa comentamos máis arriba, é típico recorrer a metáforas e personificacións para denominar os dedos da man.

Finalmente, as dúas últimas formas motivadas polo uso, *matapulgas* e *catapollos*, semellan máis comúns como denominacións para o último dedo da man e non o cuarto, o que nos fai pensar novamente na posibilidade de que se trate simplemente dunha confusión dos falantes. No caso de *matapulgas*, que foi recollida en Allariz (O.16) como resposta única para este dedo, a confusión semella clara. Non ocorre o mesmo con *catapollos* (recollida, xunto con *furabolos*, en Cedeira: C.2), forma na que o lexema *catar*, co significado de ‘examinar con atención na procura de algo’, si podería implicar o uso do cuarto dedo da man na busca dos *pollos*.

2. Comentamos ó principio a pouca implicación do ‘tamaño’ e da ‘posición’ neste dedo, mais aínda así podémonos referir a un caso no que se opta por unha escolla referente á ‘posición’. Trátase de Ribeira (C.49) onde, ademais da forma maioritaria *furabolos*, recóllese outra forma que establece unha relación de ‘posición’ entre este dedo, denominado *o do pé do grande*, e o último da man, que recibe o nome de *grande* (en cor maxenta no Mapa 4).

3. En canto á motivación polo ‘tamaño’ ten tamén escasa presenza a partir do cuarto dedo da man. Só unha forma, *o máis pequeniño*, recollida en Ramirás (O.15), recorre ó trazo compoñencial de ‘tamaño’ para denominar este dedo (en cor verde no Mapa 4). En efecto, o cuarto dedo da man é “máis pequeniño” có terceiro, denominado neste punto *o máis grande*. Aínda así, a escolla desta motivación semella cando menos curiosa cando se trata de nomear un dedo tan útil e, xa que logo, con tantos trazos conceptuais dignos de mención.




Mapa 4

4. Para finalizar, cómpre mencionar a forma *compañeira dela*, recollida en Bóveda (L.34) e que constitúe a única representante de entre as denominacións deste dedo da motivación de ‘parentesco’, tan frecuente na denominación dos dedos anteriores e “varrida do mapa” a partir de agora. Coa forma *compañeira dela* (en cor gris no Mapa 4) establécese unha relación que emparenta *a segunda parte da deda grande* (o segundo dedo da man), *a deda grande* (o terceiro dedo da man) e *a compañeira dela* (o cuarto dedo da man).

2.5. O matapiollos

Na denominación do quinto dedo da man conflúen por unha parte o feito de ser, no tocante ó tamaño, o de maior volume, e por outra parte,

xunto ó anterior, o de maior fortaleza e polo tanto o máis apto para o uso. Na estrutura física da man é tamén como unha especie de prolongación á parte dos catro anteriores, o que fai que no proceso motivacional sexa menos apto para a gradación, de xeito que a motivación é tirada ou ben do conxunto da man (*o máis gordo, o máis grande*) ou ben do seu propio referente, pero non depende de ningún dos outros.



Mapa 5

1. No tocante á motivación polo ‘tamaño’ recollemos as formas seguintes, representadas no Mapa 5 en cor verde: *grande, gordo, el máis gordo de todos, picarón gordo, pápalo todo*.

Destas cinco formas, as dúas máis frecuentes son *gordo* (recollida en trinta e tres puntos) e *grande* (recollida en oito puntos), entendéndose este último, loxicamente, como referido non á lonxitude senón ó volume. Esta posibilidade repártese por todo o territorio galego de maneira pouco

unitaria. Cómpre salientar, iso si, que a aparición destas formas non adoita coincidir coa zona que ocupaban as formas derivadas de *pequeno* no mapa do dedo maimiño e as demais formas marcadoras do trazo de ‘tamaño’ nos mapas dos dous dedos seguintes. A explicación máis lóxica desta característica reside no feito de que aqueles puntos que recorreron á motivación polo ‘tamaño’ para denominar os tres primeiros dedos da man esgotaron este recurso antes de chegar ó último dedo da man, polo que agora teñen que recorrer a outra motivación distinta que lles evite ter que repetir denominacións, coa subseguinte xeración de ambigüidade semántica. Por outra banda, como xa mencionamos na descrición do dedo anterior, os dous últimos dedos da man son percibidos polos falantes como os máis usados para a realización de labores diversos, o que fai que a maioría das denominacións que se lles dean estean motivadas polo uso que teñen na vida cotiá. Isto xa o vimos no caso do *furabolos* e volverémolo ver máis adiante no caso do dedo ó que nos referimos agora. A consecuencia derivada disto é que mesmo nos sitios en que se recolle algunha denominación para este dedo motivada polo seu ‘tamaño’ (ou ‘volume’, máis propiamente), esta adoita convivir con outras motivadas polo uso.

2. A motivación de ‘uso’ como dedo co que se matan as pulgas e os piollos é a maioritaria en todo o territorio galego, motivación que se traduce nunha enorme variedade de formas léxicas que aparecen representadas no Mapa 5 en dúas tonalidades de azul e que a continuación citamos: *cachapiollos*, *catapiollos*, *chiscapiollos*, *escachapiollos*, *escanchapiollos*, *escochapiollos*, *escochapulgas e piollos*, *escunchapiollos*, *escuchapiollos*, *escunchapiollos*, *escunchapulgas*, *escotrapiollos*, *escrocapiollos*, *estrincapiollos*, *matapiollos*, *matapollos*, *o que mata piollos*, *matapulgas*, *matapulgas e piollos*, *trasqueapiollos*, *trincapiollos*, *trincapollos*, *triscapiollos*, *piollas*, *polgar*, *pulgar*.

De entre todas estas formas, *matapiollos* e *matapollos* representan a variante maioritaria, seguidas de *escachapiollos* e *escochapiollos*. É máis que probable que esta xa fose a motivación do latín clásico POLLEX, -ĪCIS, substituído máis tarde por POLLĪCARIS, que chegou ó castelán, e en gran medida tamén ó galego, na forma de *pulgar*, distribuída por todo o territorio. Esta evolución antietimolóxica do -U- pretónico (o esperado sería *polgar*) explícase pola asociación deste dedo con *pulga* (onde o -u- si é etimolóxico), a través dunha etimoloxía popular que estableceu a devandita asociación por ser este o dedo co que se matan as pulgas (ou os piollos). A solución etimolóxica *polgar* (ou se cadra froito dunha pronuncia vulgar de *pulgar*) recóllese só en cinco puntos da provincia de Lugo e un de Ourense (Vilalba: L.11, Meira: L.15, Guitiriz: L.17, Becerreá: L.27, Bóveda: L.34 e A Veiga: O.12), ocupando *pulgar* todo o resto do territorio galego.

Dentro do grupo motivacional do 'uso', aínda que dun tipo de uso completamente distinto, cómpre salientar a presenza testemuñal da forma *o da señal*, en alusión á utilización do dedo gordo da man para persignarse, recollida en Salvaterra do Miño (P.30).

Finalmente, tamén os mencionados xogos de dedos infantís deixarían aquí a súa pegada, xa que con toda probabilidade deles derivan as formas *pícarón gordo* e *pápalo todo*, ambas as dúas explicables polo feito de ser este último dedo da man o que culmina sempre nos recitados comendo aquilo que os outros se preocuparon por preparar.

3. Ademais, cabe comentar o carácter testemuñal deses dous puntos sinalados en gris no Mapa 5, nos que este dedo sería denominado coa fórmula de parentesco *o pai de todos*.

E xa para finalizar, cómpre sinalar o feito de que a posibilidade de denominación en función da 'posición' no conxunto da man ou en relación con outros dedos desaparece completamente ó chegarmos ó último dedo da man.

3. CONSIDERACIÓNS FINAIS

A modo de resumo, pódese dicir que a denominación dos tres primeiros dedos aparece motivada polo tamaño (e en menor medida pola súa posición no conxunto da man), xa sexa a través da linguaxe referencial ou a través de recursos metafóricos. A natureza do cuarto e quinto dedo, que son os que realmente se usan na maioría das accións, motiva a escolla preferente de trazos de uso para as denominacións. Deste xeito, a tendencia é á constitución dun campo semántico de dúas dimensións: unha baseada en oposicións de tamaño ou de orde entre os tres primeiros dedos, e outra na que o cuarto e quinto dedo se opoñen a todos os demais por trazos propios.

Cómpre sinalar tamén o predominio absoluto de formas populares fronte a aquelas de procedencia máis culta e máis próximas ó castelán. En relación con isto, débese incidir na idea de que boa parte destas formas máis que denominacións propiamente ditas e posibles no discurso espontáneo son sospeitosas de seren denominacións culturais, cun contexto de uso se cadra limitado ó propio folclore infantil ou simplemente como resposta á pregunta *¿como se chama este dedo?* (de aí os recorrentes erros nas denominacións ou simplemente a ausencia de respostas). De calquera xeito, se cadra non estaría de máis complementar esta panorámica cun estudio que se achegase ás posibilidades combinatorias destas formas tanto na fala viva como na propia literatura e que permitise precisar este punto.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alinei, M. (1974): *La Struttura del Lessico*. Bologna: Il Mulino.
- Alinei, M. (1980): "The Structure of Meaning Revisited", en *Quaderni di Semantica* II, 2, 289-305.
- Alinei, M. (1984): "Le due strutture del significato", en *Lingua e dialetti: struttura, storia e geografia*. Bologna: Il Mulino, 13-21.
- Alinei, M. (1994): "Trentacinque definizioni di etimologia, ovvero: il concetto di etimologia rivisitato", en *Quaderni di Semantica* XV, 2, 199-221.
- Alinei, M. (1996): "Aspetti teorici della motivazione", en *Quaderni di Semantica* XXXIII, 1, 7-17.
- Alinei, M. (1998): "Nuove prospettive nella ricerca storico-semantica ed etimologica", en *Quaderni di Semantica* XXXVIII, 2, 199-212.
- Alvar, M. (1961-1965): *Atlas Lingüístico y etnográfico de Andalucía (ALEA)*. Vol. IV. Universidad de Granada, CSIC.
- Alvar, M. (1976): *Atlas Lingüístico y etnográfico de las Islas Canarias (ALEIC)*. Vol. II. Islas Canarias: Excelentísimo Cabildo Insular de Gran Canaria.
- Baamonde Traveso, G. (1977): *A fala das parroquias de Arante e Cedofeita*. Tese de licenciatura. USC.
- Barrio, M. e H. Harguindey (1983): *Lerías e enredos para os máis pequenos*. Vigo: Galaxia.
- Bouza Brey, F. (1963): "Xogos iniciáticos infantís da Galiza", en *Revista de Etnografía* 1, 181-187.
- Cobas Brenlla, X. (1995): *Acción madurativa e integradora do folclore infantil: o xogo do folclore infantil*. Santiago de Compostela: Tórculo D.L.
- Corominas, J. e J. A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- Cunha, A. G. da (1994): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. 2ª ed. revista e acrescida de um suplemento. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.
- Ebeling, W. e F. Krüger (1952): "La castaña en el noroeste de la Península Ibérica", en *Anales del Instituto de Lingüística* V, 153-277.
- Heine, B. (1997): *Cognitive Foundations of Grammar*. New York: Oxford University Press.
- Instituto da Língua Galega (1995-1999): *Atlas lingüístico galego (ALGa)*. Vol. I-III. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- López Fernández, J. (1969): *Vocabulario de Novfontes. Contribución a un estudio lingüístico*. Tese de licenciatura. USC.
- Machado y Álvarez, A. (1881): "Juegos infantiles españoles", en *Giornale di Filologia Romana* 8, 50-62.
- Machado, J. P. (1977³): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. 5 vols. Lisboa: Horizonte.
- Petruck, M. R. L. (1986): *Body Part Terminology in Hebrew: A Study in Lexical Semantics*. Tese doutoral. University of California, Berkeley.
- Rivas Quintas, E. (1997): *O castiñeiro e as castañas*. Ourense: Grafo DOS.
- Rodríguez González, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo: Galaxia.

- Sarmiento, M. (1973): *Catálogo de voces y frases gallegas*. Ed. y estudio de J.L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- VV.AA. (1990): *Dedín Dedín de Pequenequín (folklore infantil)*. Sada (A Coruña): Edición do Castro.
- Zauner, A. (1903): “Die romanischen Namen der Körperteile”, en *Romanische Forschungen* XIV, 448-454.